

## **APERTURA DOS PRAZOS DE SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SALGUEIRIÑOS. CURSO 2012-2013**

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

- Prazo de presentación de solicitudes será entre os días **22 de xuño e o 9 de xullo (ambos os dous incluídos)**, coa entrega da correspondente solicitude no Rexistro Xeral ou nos Rexistros auxiliares do concello de Santiago de Compostela.
- Aqueles pais/nais ou representantes legais de nenos/as **matriculados das Escolas Infantís de Conxo e das Fontiñas poderán solicitar o traslado a esta escola infantil municipal**, presentando a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela.
- As solicitudes entregaranse no **Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou nos Rexistros auxiliares do CERSIA** (Avda. alcalde Raimundo López s/n) e do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo).

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

- **Certificado de empadramento.** Este documento será solicitado desde o Departamento de Educación ao padrón municipal.
- **Libro de Familia ou Carta de familia numerosa.** A situación de familia monoparental acreditarase con copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- **Documento de identidade do/a solicitante.**
- **Acreditación de situacións familiares** que incidan na valoración da solicitude (situación laboral, discapacidades, separacións,...)
- **Xustificación de ingresos da unidade familiar.** Copia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación. Xunto co certificado acompañaranse copia das dúas últimas nóminas.  
Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considérase a rendas de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.
- **Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración**, no caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

O concello de Santiago poderá solicitar ás persoas que resulten adxudicatarias de praza, a aportación de documentación orixinal para o seu cotexo.

## **APERTURA DOS PRAZOS DE SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SALGUEIRIÑOS. CURSO 2012-2013**

*Aqueles solicitantes que xa presentaran documentación relativa á situación familiar e laboral no proceso de admisión das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas, só terán que presentar a solicitude de novo ingreso para esta escola infantil.*

### **RÉXIME DE PREZOS**

---

De acordo co Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012).

Os prezos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría General de Política Social.

### **BAREMO**

---

O baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís establécese de acordo coa normativa da Xunta de Galicia. Tomarase pois, como referencia para a baremación das solicitudes presentadas, o establecido pola normativa que sexa de aplicación no momento da valoración das mesmas.

### **NORMATIVA**

---

Se durante a realización dos procesos de renovación, admisión, matriculación, etc nas Escolas Infantís Municipais, se produxera algún cambio de normativa, procederase a modificar aqueles aspectos que se viran afectados respecto do aprobado nesta Xunta de Goberno Local.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

**Departamento de Educación**  
Edificio CERSIA  
Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n  
Tel: 981 55 44 00 /401 Fax: 981 57 15 11 .  
[dptoeducación@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducación@santiagodecompostela.org)  
[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)